

Volver a empezar

Co tempo acabouse acostumando. Xa non hai volta atrás.

Ou si.

Todo comezou hai uns anos, cando tomou unha decisión que lle cambiou a vida para sempre. Ninguén lle preguntou a súa opinión, pois iso era o de menos. Para eles o importante era o diñeiro e ese éxito tan ansiado que eles non puideron alcanzar. Ela era a súa única esperanza. Non se deu conta de como se aproveitaron dela, e ela pensou que iso era o que debía facer, o seu destino, para o que estaba feita. Pero agora todo ía cambiar. Tíñao claro.

Merecía a pena renunciar a ese futuro seguro pero angustioso?

Si, pois por fin é libre. Xa non está sometida ás expectativas que os demais puxeron sobre ela. Agora podería facer o que lle petase, e non quedarse na maldita empresa familiar.

Ela ía facer historia.

Lucía Fernández Gándara 4ºA